

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES (PRÁCTICUM) CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE GRAO IMPARTIDOS NAS FACULTADES DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN, FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL E FACULTADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO OU NOS CENTROS ADSCRITOS A ELAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos

DECLARO:

Que a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos formalizou coas tres universidades de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue, desde o día 5 de outubro de 2020, un período de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas curriculares (Prácticum) de estudos de grao entre a Consellería e a USC/UDC/UVIGO para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos/das estudantes en ámbitos relacionados coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos de grao cursados nas facultades de Ciencias da Educación, Facultade de Educación e Traballo Social e facultades de Formación do Profesorado da USC/UDC/UVIGO ou nos centros adscritos a elas. Deste xeito promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte;

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por tanto se trata dunha actividade única e especial que se imparte de forma exclusiva nas universidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

